

HUMANIZACION

ÁREA SANITARIA DA CORUÑA

No ámbito territorial, esta área sanitaria xestiona todos os servizos sanitarios de atención primaria, especializada e sociosanitaria dos seguintes concellos: Abegondo, A Coruña, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Coirós, Coristanco, Culleredo, Curtis, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Ponteceso, Sada, Sobrado, Vilarmador, Vilasantar, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas.

En total, ten unha poboación protexida de 551 712 habitantes, dos que 65 864 son persoas menores de idade entre 0 e 14 anos, un 11,94 % da poboación protexida, e 131 351 teñen máis de 64 anos que representan un 23,81 % da poboación protexida.

Para o desenvolvemento da súa actividade asistencial a Área Sanitaria da Coruña conta co **Complejo Hospitalario Universitario da Coruña–CHUAC**, integrado polo Hospital Universitario da Coruña, o Hospital Teresa Herrera (Materno-Infantil), o Hospital Marítimo de Oza e o Hospital Abente y Lago, e co Hospital Virxe da Xunqueira, ademais de centros de saúde, consultorios e puntos de atención continuada.

Dispoñen dun Plan de humanización propio dende o ano 2015 elaborado dende a Comisión de Humanización, que está constituída formalmente e formado por un grupo de profesionais multidisciplinar, con representación de distintas categorías profesionais, distintos niveis asistenciais e especialidades (coidados críticos, urxencias, hospitalización, atención primaria, traballo social, recursos humanos, medio ambiente, innovación, área materno infantil, comunicación, coidados crónicos, saúde mental e atención ao cidadán), que é a encargada de impulsar proxectos que se enmarcan dentro do Plan de Humanización da área sanitaria nos ámbitos dos eixes estratéxicos do mesmo, que son os de comunicación; información e atención aos cidadáns; acompañamento, entorno e estrutura; atención aos profesionais, e respecto polo medioambiente e a sustentabilidade, tendo os eixos da igualdade de xénero e a responsabilidade social como referentes transversais de todas as liñas estratéxicas.


Da Comisión de Humanización da Area Sanitaria de A Coruña e Cee dependen, á súa vez, dúas subcomisións: Subcomisión de humanización de coidados críticos, integrada por profesionais das unidades de coidados intensivos de adultos, pediátrica e neonatal, e das unidades de reanimación, que realizan propostas e accións enmarcadas co proxecto Hu-Ci, de humanización da área, con oito liñas de actuación (unidades de portas abertas, comunicación, benestar do paciente, presenza e participación das familias, coidados ao persoal, síndrome post-uci, infraestrutura humanizada e coidados ao final da vida); e Subcomisión de pediatría, que desenvolve medidas nas áreas adicadas á atención pediátrica.

Recóllense a continuación as actuacións máis destacadas.

PERSONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS:

ÁREAS DE PEDIATRÍA

DESEÑO DE ÁREAS CON MOTIVOS INFANTÍS. Decoración mural a cargo da fundación María José Jove coa colaboración do taller creativo [NO IMPORTA] do Servizo de Pediatría do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera, co obxectivo de minimizar o impacto que a hospitalización produce na infancia. O proxecto inclúe o Hospital de Día Pediátrico, os cuartos da Unidade de Lactantes e da Unidade de Escolares da área de hospitalización, área de Oncoloxía Pediátrica e consultas ecternas. No deseño optouse por dúas temáticas diferentes: o mundo submarino, con cores pastel e cheo de animais mariños e submarinistas, e a fábrica de súperheroes, con cores rechamantes chea de personaxes con superpoderes, foguetes e artefactos. Ademais dos murais integráronse nos debuxos elementos como aparellos médicos, reixas de aire acondicionado ou difusores antiincendios.



AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE DÍA. Coa colaboración da Fundación María José Jove e co obxectivo de lles facilitar a vida aos menores con enfermidade oncolóxica e ás súas familias, a contigua ao Hospital de Día foi habilitada como espazo de ingreso. Na dita ampliación habilitáronse dous espazos pensados para o espaxamento e a convivencia: un deles está orientado a nenos maiores e conta con sofá, neveira, microondas e unha mesa de traballo, a outra, conta cunha zona de xogos de mesa ademais dun televisor e videoconsolas. O obxectivo é que as persoas menores de idade poidan sentirse o máis próximos posible á súa situación cotiá, indo a xogar con outras persoas menores de idade nunha zona fóra da área de hospitalización. En paralelo, as instalacións incorporan un sistema de esclusas e de presión positiva, para garantir a inocuidade do aire e protexer de contaxios oportunistas aos menores nas fases de inmunosupresión.

CONTROL DO NIVEL DE RUÍDO EN UCI. Espazos da UCI de Neonatoloxía e UCI de Pediatría con control ambiental (diminución de impacto acústico e lumínico) mediante dotación de alarmas ao exceder un limiar de decibeis, e teito con iluminación indirecta para limitar a recibida polos berces. Trátase de reducir a tensión derivada de estímulos externos nocivos que poderían sufrir os menores lactantes durante a súa estancia no hospital e favorecer así o seu correcto neurodesenvolvemento.

ÁREAS DE PEDIATRÍA

ZONA DE XOGOS NA UNIDADE DE ATENCION TEMPERÁ E UNIDADE DE SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL. Espazo na sala de espera con xogos e circuítos para persoas menores de idade, como tobogáns, quebracabezas etc. Os xogos salientan o rol dos profesionais sanitarios no coidado da saúde e a integración das persoas con diferentes capacidades. Contouse coa colaboración de Paideia.

SALA DE XOGOS INTEGRADA NA AREA DE HOSPITALIZACION DE PEDIATRIA. Sala dotada de xogos e mobiliario exclusivamente para actividades lúdicas e de esparcemento. Realizouse coa colaboración de Ikea e é utilizada por rapaces e familias de todas as idades.

ARMARIOS PARA LAS FAMILIAS EN UCI. Instalación de armarios na área de espera da UCI, para que os pais das persoas menores de idade ingresadas na unidade poidan deixar as súas pertenzas mentres acompañan aos seus fillos.

MELLORA DOS ESPAZOS DE URXENCIAS DE PEDIATRÍA. Na reforma, realizada en 2019, tense habilitado un espazo polivalente tanto para lactancia como en funcións de sala de menores acompañantes, que acoden acompañando a irmáns e pais, para que teñan un lugar onde estar fóra dos espazos de atención clínica.

ESPAZO PARA ESCOLA DE PAIS. Espazo para a utilización das familias dos nenos e nenas da UCI Neonatal que se emprega para dar formación e información sobre coidados, saúde, etc... O espazo é tamén utilizado polas asociacións de pais e nais de nenos con procesos que afectan á súa saúde no período neonatal, para charlas, colaboracións, etc..

UNIDADE DE PARTOS

UNIDADE DE TRABALLO, PREPARACIÓN E RECUPERACIÓN DO PARTO (UTPR). Actualmente dispoñen de 1 unidade deste tipo no Hospital Virxe da Xunqueira, no que a nai e a súa persoa acompañante permanecen durante as tres fases dun parto minimamente intervindo, e ata 2 horas despois deste, evitando así traslados innecesarios. As UTPR son unidades íntimas e integradas, que facilitan a privacidade e a participación activa da parella/ persoa acompañante en todo o proceso do parto, e dispoñen de todo o material médico necesario (cama de partos, monitoraxe materno-fetal ou berce térmico), así como de elementos de apoio no período de dilatación (bañeira de partos etc.)

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

BAÑOS PARA PERSOAS DOENTES OSTOMIZADAS. Actualmente no Complexo Hospitalario hai instalado un aseo adaptado a persoas doentes ostomizadas, como parte do plan do Sergas de implantar en todas as Áreas Sanitarias este tipo de unidades adaptadas. O modelo de aseo é similar ao prototipo deseñado no Complexo Hospitalario de Pontevedra que foi o impulsor de esta iniciativa.

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

SALAS DE LACTACIÓN MATERNA. O Complexo Hospitalario conta con 3 espazos para favorecer a alimentación natural do menor lactante, no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) que promoven a OMS e UNICEF, e está prevista a súa habilitación en outros lugares da área sanitaria.

SINALIZACIÓN E FERRAMENTAS INFORMATIVAS:

ÁREA CIRÚRXICA

PROXECTO “LEMBRA”. Implantación na área cirúrxica dun sistema de avisos, vía SMS, ás familias de persoas doentes do fin da cirurxía, co fin de evitar aglomeracións nas salas de espera e reducir así o nivel de ansiedade das persoas acompañantes da persoa doente. No caso de que a intervención sexa longa, o equipo cirúrxico pode enviar tamén outra mensaxe advertindo as persoas acompañantes de que a cirurxía segue o seu curso para tranquilizalos.

URXENCIAS

VISITA VIRTUAL. Trátase dun percorrido en movemento polas instalacións do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña por medio do sistema Street View de Google, co obxectivo de lles dar a coñecer o servizo a todos a cidadanía e que se familiaricen con el.

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN. Contacto coa sociedade a través de redes sociais: Facebook, Instagram e Twitter polo Gabinete de Comunicación do complexo hospitalario, coa difusión de noticias de interese e consellos de saúde.

IMPLANTACIÓN DO SISTEMA “QUENDA”. Trátase da plataforma Quenda Medic, que apoia o persoal de servizos de obtención de cita, recepción, asignación de quendas de atención e acceso das persoas usuarias aos servizos de saúde que necesiten, e permite obviar trámites administrativos á vez que reduce o tempo de espera nas salas. As pantallas da plataforma difunden contidos dixitais que, ademais de facilitar a circulación de persoas doentes de consultas externas, promoven hábitos de vida saudable, ou calquera tipo de información sobre saúde.

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

SINALIZACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAS DOENTES CON TEA. Sinalización da área de Neurofisioloxía do Hospital Teresa Herrera, por medio de pictogramas de ARASAAC que reflicten unha secuencia sobre o procedemento dunha proba de electroencefalografía co obxectivo de facilitar o acceso á información das persoas doentes con Trastorno do Espectro



Autista (TEA). Esta iniciativa está a estenderse tamén aos centros de atención primaria da área sanitaria.

ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E DE ATENCIÓN EMOCIONAL:

ÁREAS DE PEDIATRÍA

HUMANIZACIÓN EMOCIONAL EN UCI. Permítese que as persoas menores de idade ingresadas estean acompañadas polos seus pais de forma continuada entre as 09.30 e as 23.00 horas e acudir a alimentalos as 24 horas do día, evitando así que tanto as persoas menores de idade como os seus pais teñan que pasar polo estrés da separación. Ademais estanse levando a cabo unha serie de iniciativas como medalla e celebración cos papás ao alcanzar fitos ponderais ou de idade (celebración do “cumpre-quilo” e “cumpre-mes” con acto de imposición de medalla na incubadora), gorriños tecidos con material hipoalérxico por un grupo de voluntarias para os menores lactantes de baixo peso, que non teñen gorros adaptados no mercado ou inclusión do Servizo de Neonatoloxía nos programas de actividades das festas (Entroido, Nadal, Día do Neonato...)

PROGRAMA DE ACTIVIDADES LÚDICAS E DE ANIMACIÓN. Coñecido polo nome de Hospilandia, é un programa de actividades lúdicas e de animación sociocultural co que, desde o ano 1996, un grupo de persoal sanitario (médicos, enfermeiras, profesoras, traballadoras sociais etc.) do Hospital Teresa Herrera, co apoio da dirección, trata de potenciar e canalizar unha rede de actividades, onde os protagonistas son as persoas menores de idade e que contrarresten dalgunha maneira os aspectos vivenciais negativos que xera unha hospitalización. O programa engloba actividades como teatro, xogos variados, pallasos, magos, contacontos escenificados, concertos, talleres de animación á lectura, talleres de plastilina e pintura, videoxogos, concursos, visitas de personalidades, famosos, deportistas, Reis Magos, talleres co campión de rubik de España, actividades en datas sinaladas como Nadal, Halloween, Entroido etc. Todo isto, coa colaboración de varias entidades e asociacións como a Fundación Abracadabra, Fundación Theodora, a asociación de fans de Star Wars de Galicia, Conservatorio de Música e a Fundación María José Jove, entre outras, ademais de empresas privadas.



ACOMPANÑAMENTO CIRÚRXICO. Programa que consiste no acompañamento das persoas menores de idade e das súas familias que se van someter a unha intervención cirúrxica por doutores sorriso da Fundación Theodora. Trátase de distraer o pequeno da situación pola que vai pasar tanto no preoperatorio como no postoperatorio a través de disfraces, historias, globos etc., e así reducir o nivel de ansiedade.

MURAL EN ONCOLOXÍA. Mural no Servizo de Oncoloxía Pediátrica con pinturas e recordos de agradecemento das persoas menores de idade que estiveron ingresadas no servizo.

MUSICA E EMOCIÓNS. Programa que se realiza en colaboración co Club de Leones de A Coruña, no que se realizan actuacións musicais para favorecer a expresión emocional dos pacientes pediátricos ingresados, para que, a través da música poidan mellorar a vivencia do proceso de atención nos períodos de hospitalización.

PERMISOS EN NADAL. O Hospital Materno Infantil concede permisos para que as persoas menores de idade pasen o Nadal na casa. Chegadas as datas do Nadal procúranse facilitar, na medida do posible e sempre que a saúde o permita, permisos temporais para que as persoas menores de idade poidan cear nas súas casas. De igual forma, a actividade cirúrxica programada axústase ao máximo e, se non se trata de casos urxentes, adáptanse as datas para que o paso polo quirófano non coincida coas citas craves coa familia.

TERAPIA CON CANS. Trátase dun convenio de colaboración coa Fundación María José Jove, a Fundación Profesor Novoa Santos e o Centro Canino de Montegatto, no que cans de terapia actúan como facilitadores terapéuticos na Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá do Hospital Teresa Herrera. O proxecto contempla introducir na sala de espera da Unidade, a tres cans, Fusco, de raza can de palleiro, Marrón, un labrador retriever e Venus, un can de auga, que foron adestrados como cans de terapia e asistencia, co obxectivo de influír positivamente nas relacións sociais, comunicativas e afectivas das persoas menores de idade que asisten ao servizo. Estes cans superaron unha rigorosa avaliación dos criterios sanitarios, hixiénicos e de obediencia por especialistas veterinarios homologados pola Administración autónoma, que lles permite pasar a formar parte do proceso terapéutico funcionando como coterapeutas e están en todo momento acompañados por monitores especializados con titulación oficial na materia.



TV ABERTA. Tanto na sala de espera do Servizo de Urxencias como nos cuartos do Servizo de Oncohematoloxía Pediátrica, hai instaladas televisións con contidos infantís abertos (gratuítos). Do mesmo xeito que no caso de persoas doentes identificadas como de longa estancia ou de risco social a criterio do Servizo de Traballo Social.

PRÉSTAMO DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS E CONEXIÓN A INTERNET. Préstamo de computadores portátiles, que poden ser levados aos cuartos "no caso de que as persoas menores de idade non poidan levantarse da cama". Tamén na ciberaula teñen a posibilidade de conexión a internet, utilización de equipos informáticos para a ensinanza, pizarra dixital, e biblioteca infantil e xuvenil con máis de 1.000 volumes.

PROGRAMA MEU BEN. Apoio psicosocial aos nenos e nenas en tratamentos oncolóxicos, en colaboración con ASANOG, para que ningún neno ou nena con procesos oncolóxicos, nin as súas familias, afronten o tratamento sen o mellor

apoio posible. Estase a realizar actividade física supervisada en pacientes pediátricos con cancro, con avaliación e control dos beneficios para os nenos/as.

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN SANITARIA E PROMOCIÓN DA SAÚDE CON NENOS CON CAPACIDADES ESPECIAIS NAS UNIDADES DE SAÚDE BUCODENTAL DA ÁREA. Colaboración coa Federación de Autismo Galicia e realización de información e actividades de preparación e anticipación da consulta.

CONSULTA DE ACOLLIDA. Enfermeiras do Hospital de Día de Oncoloxía crearon a consulta de acollida e seguimento para persoas doentes con cancro, un lugar íntimo e reservado no que se recibe á persoa doente nada máis recibir a noticia de que ha de someterse a quimioterapia, para que expresen os seus sentimentos e emocións, achegarlle datos á persoa doente e reconfortala.

TALLERES EMOCIONAIS “ARTE E EMOCIÓNS”. Talleres de arteterapia onde os enfermos traballan as súas emocións, desconectan e pasan o tempo traballando con una facilitadora artística a parte da tensión xerada polo proceso que motiva un ingreso hospitalario. Na área de oncoloxía habilitouse unha sala con estores coloridos, sofá, plantas artificiais, un mural para colgar fotos e unha mesa ampla chea de materiais para crear. Tamén se utiliza a propia habitación do doente nas unides de oncoloxía e hematoloxía para impartir as sesións, acompañados ou non da familia, segundo as preferencias das persoas.



ACOMPÑAMENTO E AXUDA ÁS PERSOAS DO HOSPITAL DE DÍA DE ONCOLOXIA. A través dun acordo de colaboración coa AECC estanse a realizar actividades de voluntariado coas persoas que acuden para recibir quimioterapia ou tratamentos oncolóxicos no hospital de día e na unidade de hospitalización: Acompañamento á chegada da persoa enferma, mentras a familia aparca o vehículo propio, para evitar ou ben os desplazamentos ou ben que quede soa, acompañamento e apoio emocional ás persoas mentras reciben os tratamentos ou acuden a consulta no caso de que así o desexen; apoio a pacientes laringuectomizados; carrito amable que reparte revistas e materiais mentras se administran os tratamentos; acompañamento a ingresados...

BANCO DE PELUCAS NA UNIDADE DE MAMA. A través de doazóns de pacientes, creouse un banco de pelucas para facilitar a imaxe persoal das mulleres que están en tratamentos oncolóxicos. Está formalizado un acordo de colaboración co Centro Integrado de F.P. de Somo, no que o departamento de imaxe persoal encárgase do coidado e peiteado das pelucas, que son facilitadas polo persoal da unidade de mama ás pacientes

HOSPITALIZACIÓN

GUÍA DE ACOLLIDA DA PERSOA DOENTE INGRESADA. Guía elaborada para facilitar a estancia das persoas doentes no hospital, con indicacións que axudan a persoa doente nos distintos procesos, como trámites administrativos, documentos necesarios para o ingreso, normas de hixiene, horarios do servizo, normas do centro ou dereitos e deberes da persoa doente.

PARABENS NO CUMPLEANOS. Tarxetas de parabéns para felicitar o cumpleanos no seu día ás persoas ingresadas nas unidades de medicina interna 9.

UNIDADE DE PARTOS

PLAN DE PARTO E NACEMENTO. O Plan de nacemento é un documento escrito no que a muller xestante manifesta e deixa constancia dos seus desexos e expectativas para o momento do parto. A súa función non é exactamente planificar o desenvolvemento do parto, nos que están implicadas moitas variables impredecibles, senón ofrecer a oportunidade de expresar as súas preferencias para aqueles aspectos nos que existen alternativas igual de eficaces e seguras. Entre os puntos que poden decidirse de antemán figuran o uso de anestesia epidural, o acompañamento durante todo o proceso, que a persoa acompañante corte o cordón umbilical, ou se desexa apoio para iniciar a lactación materna de inmediato.

LESIONADOS MEDULARES

PROXECTO HUMANIZATE NA UNIDADE DE LESIONADOS MEDULARES. Plan de medidas de desenvolvemento de actividades de dinamización, de acompañamento e humanización dos pacientes da Unidade de Lesionados Medulares. Dentro das medidas de longo recorrido, a través dun acordo coa Consellería de Política Social realízase a dotación de carnet de conducir adaptado durante o ingreso hospitalario, facilitando as prácticas nunha autoescola oficial, ao fin de que, a alta, se poida ter o carnet para optar a un vehículo que posibilite a mobilidade e a integración da persoa na súa contorna.

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADES TERMINAIS. Colaboración do programa psicosocial de atención a persoas doentes e as súas familias con enfermidades terminais da Fundación LaCaixa. Trátase dun programa integral para a atención de enfermos con patoloxías en fase avanzada co obxectivo de lles proporcionar apoio psicolóxico e social aos enfermos e ás familias que os acompañen nestes momentos, e que se articula a través da Cruz Roja, que aporta os programas de atención e voluntariado propios desta entidade, sendo coordinada a actuación polo servizo de Traballo Social do CHUAC.

BIBLIOTERAPIA, PRESTAMO DE LIBROS E BIBLIOTECA PARA NENOS E ADULTOS. No Hospital de A Coruña a biblioteca do CHUAC, que presta servizo e fondos editoriais e de revistas científicas aos profesionais, abriuse á poboación (pacientes e familias) dotándoa de libros de lectura xeral, e adheríndose ao programa de BIBLIOTERAPIA, mediante o cal os servizos clínicos prescriben lecturas saudables aos pacientes ou ben as familias poden solicitar o empréstamo de libros de lectura, aconsellados por persoas expertas en lectura. O préstamo pode ser físico

ou dixital, a través do programa de GALICIA LE, e está dispoñible para todos/as os usuarios. No Hospital Teresa Herrera sitúanse as lecturas de literatura xuvenil do programa.

ÁREA DE PERSOAL SANITARIO:

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

GUÍA DE ACOLLIDA DE NOVAS PERSOAS TRABALLADORAS. Manual de acollida para o novo persoal sanitario, elaborado para unha mellor adaptación profesional da persoa ao posto de traballo e aos procedementos no menor tempo posible e para a súa integración na organización. No Plan de acollida ofrécese a información necesaria á persoa traballadora para que coñeza o contexto da organización.



FORMACIÓN DE PERSOAL SANITARIO. Como o Curso de formación sobre dereitos e deberes das persoas doentes, cursos de xestión de emocións, intelixencia emocional, curso de xestión de conflitos interpersoais, comunicación, etc.. que melloren a empatía e a comunicación entre as persoas.

ATENCIÓN AO PERSOAL XUBILADO. Actos de homenaxe e despedida ao persoal xubilado da área sanitaria.

ACTOS DE BENVIDA, DESPEDIDA E HOMENAXE AOS PROFESIONAIS EN FORMACIÓN. Realízanse actos de acollida para os alumnos en rotación, xornada de portas abertas para os MIR-0, e recepción e benvinda do centro aos novos MIR, EIR, FIR, QIR, BIR e PIR, e de despedida dos novos especialistas unha vez finalizado o seu período formativo e obtivo o título da especialidade correspondente no CHUAC.

CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL. Dirixido aos fillos do persoal dos centros da área Sanitaria, convocado pola Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA:

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

CICLOS DE CHARLAS SAUDABLES. Serie de conferencias organizadas por *La Voz de Galicia* en colaboración con persoal dos centros da Área Sanitaria, para poñer en contacto directo ao persoal dos centros da sanidade pública de A Coruña ca veciñanza. Trátase de promover hábitos de vida máis saudables, así como un mellor coñecemento de todo tipo de cuestións relacionadas coa saúde, o seu

mantemento e a súa recuperación. Así, trátanse temas como a hepatite C e a infección por VIH, a esclerose múltiple, a oncoloxía invisible etc.

ESPAZO PARA AS ASOCIACIÓNS DE PERSOAS DOENTES. As asociacións de persoas doentes da área da Coruña contan cun local nas instalacións da área sanitaria para o seu uso compartido. Nel realízanse encontros que permiten coñecer as súas opinións sobre accesibilidade, contorna ou humanización dos coidados. Tamén se creou unha aula social de presentación de entidades e grupos de interese no ámbito social e sociosanitario.

BANCO DE LEITE MATERNA. Reciben leite materno do Banco do Complexo Hospitalario de Santiago co que colaboran.

TALLERES DE PERSOAS DOENTES. Como o curso de formación a persoas doentes activas/competentes en diabetes mellitus con participación de persoal sanitario de atención primaria e atención especializada, a escola de obesidade, e a formación que os servizos e unidades de referencia do centro acreditadas polo Ministerio de Sanidade (Unidades CSUR) realizan sobre as persoas e as súas familias con patoloxías altamente complexas, abarcando tamén á poboación xeral mediante formación en sensibilización: coma exemplo, a Unidade de Queimados, que difunde consellos de educación sanitaria anualmente realizando un esforzo de información á poboación en datas previas á noite de San Xoán, como parte do Plan de Prevención da Área Sanitaria para esa celebración.

CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN. Realización de actividades coincidindo con días de significación en patoloxías, como Día da Insuficiencia Cardíaca, Día do Ictus, Día do Neno Hospitalizado, Día Nacional do Doador, Día Mundial da Hixiene de Mans con distribución de información e solucións de base alcohólica e demostracións do persoal sanitario, Día Mundial da Diabetes cun percorrido polo paseo marítimo para sensibilizar sobre esta patoloxía etc.



PROXECTO EMPODERAMENTO DA MULLER CON CANCRO DE MAMA. Impulsado polo Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, con apoio da deputación, trátase de 4 foros con charlas e talleres cuxo reto é compartir que é o que realmente pasa despois do cancro. Dirixido a mulleres longo-sobreviventes que pasaron por un cancro de mama, trata de poñer en común temas que ás veces non se tratan na consulta, como sexualidade, o embarazo, a ansiedade, a depresión etc. O proxecto tamén inclúe unha páxina web para usuarias: o meu cancro de mama.

VISITAS ESCOLARES. Inclúen ademais actividades formativas escolares en temas de hábitos de vida saudable.

ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

BANCO DE AXUDAS TÉCNICAS. Creación e xestión dun Banco de Axudas Técnicas desde os servizos de traballo social e de orde interna e seguridade para o acceso a camas articuladas, cadeiras de rodas e material de axuda en concepto de préstamo de uso.

COLABORACION CON ONG PARA ATENCIÓN A NENOS E NENAS DO SAHARA E PAISES EN VIAS DE DESENVOLVEMENTO NO HOSPITAL TERESA HERRERA. A través da colaboración coa ONG Tierra de Hombres realízase a atención cirúrxica a nenos e nenas de campamentos de refuxiados do Sahara que son operados no Hospital Teresa Herrera a cargo das especialidades pediátricas (cirurxía cardíaca infantil, cirurxía pediátrica...) e regresan trala oportuna convalecencia e revisións clínicas; a través da ONG de Infancia Solidaria realízase un programa de atención a persoas de zonas en conflito ou países que non poden ofrecer unha atención sanitaria a nenos en perigo por causa da súa patoloxía clínica e necesaria intervención cirúrxica.

CAMPAÑAS DE DIFUSIÓN DA IMPORTANCIA DA HIXIENE DE MANS, USO CORRECTO DE ANTIBIÓTICOS, VACINACIÓN, SENSIBILIZACIÓN CON PATOLOXÍAS PREVALENTES. Nos espazos do Hall dos Centros hospitalarios realízanse ao longo de todo o ano actividades de xeito continuo de sensibilización ás persoas usuarias e aos traballadores sobre cuestións prioritarias de prevención e uso racional dos recursos, contando con medios propios ou con asociacións de pacientes para sensibilizar sobre o diagnóstico precoz, o tratamento e a integración das persoas.

CONSELLO ASESOR DE PACIENTES. O Consello asesor de pacientes da Area Sanitaria de A Coruña e Cee está constituído formalmente e nel participan 29 asociacións que aportan a súa visión e perspectivas sobre as cuestións de interese común para a Xerencia da Area e para as persoas e as súas familias.

PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DOR CRÓNICA NON ONCOLÓXICA. Na Area Sanitaria, contando coa unidade da Dor, a Comisión da Dor e os Servizos de atención primaria, desenvolveuse un rexistro e programa de atención á dor crónica non oncolóxica que foi premiado co recoñecemento do Ministerio de Sanidade no ano 2017 como Boa Práctica do Sistema Nacional de Saúde, traballando na atención á dor crónica os adultos e nos nenos dun xeito activo, como problema de saúde e discapacidade da poboación atendida.

TRANSPARENCIA E BOAS PRÁCTICAS. A través da web da Area Sanitaria dase publicidade aos compromisos de calidade, indicadores máis relevantes e programas de mellora, ao fin de participar á sociedade dos resultados da xestión dos centros sanitarios hospitalarios e de atención primaria, correspondentes á Area.

XORNADAS DE HUMANIZACION E RSC. Xornada de presentación de experiencias e actividades, e de encontro dos profesionais en torno ao eixe da atención humanizada e a responsabilidade.



ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

ACTIVIDADES COMUNITARIAS REALIZADAS POLOS EQUIPOS DE ATENCIÓN PRIMARIA. Os 23 equipos de atención primaria realizan actividades comunitarias que abarcan dende a realización de talleres para cuidadores de persoas crónicas sobre atención e cuidados do paciente inmovilizado, ata o desenvolvemento de programas de actividade e promoción da saúde coma o PROGRAMA DE MARCHA NORDICA, no centro de saúde de Ventorrillo, no que persoas de idade avanzada e alta fragilidade do centro, lideradas por persoal sanitario, realizan un programa de actividade física monitorizada por unha experta, para mellorar a mobilidade e coordinación e diminuír o risco de lesións asociadas á fragilidade.